

Vigo, 16 de novembro 2021.

Estimadas familias:

Publicouse no Diario Oficial de Galicia o 12 de novembro a [Orde do 28 de outubro de 2021](#) pola que se regulan os criterios e o procedemento de distribución de máscaras entre o alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes públicos dependentes desta consellería e en privados concertados no curso 2021/22.

Esta norma é de aplicación aos centros privados. Os destinatarios das axudas son os alumnos e alumnas de Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Educación Especial.

### 1. Destinatarios das axudas.

- a) O alumnado destas etapas que fose beneficiario da axuda para adquirir **material escolar** no curso 2021/2022 (en virtude da Orde de 06/05/2021).

**Este alumnado NON TERÁ QUE PRESENTAR SOLICITUDE, adquire automaticamente o dereito ás máscaras.**

- b) O resto do alumnado, que non presentou no seu momento a solicitude de axudas para material escolar ou quedou excluído, poderá presentar a solicitude correspondente, sempre que se cumpran os requisitos de renda recollidos na orde. Os requisitos económicos son os mesmos que para acceder ás axudas para libros de texto e material escolar.

### 2. Modelo de solicitude e prazo.

A solicitude formalizarase a través do modelo oficial contemplado no Anexo I da Orde. A solicitude será única para todos os fillos ou fillas, salvo que estean escolarizados en centros distintos.

Código de procedemento: ED330E.

Presentación: Na secretaría do colexio ou a través da sede electrónica da xunta.

**O prazo fixado no DOG é de 10 días hábiles contados a partir da publicación da orde no DOG. O último día do prazo é, polo tanto, o venres 26 de novembro de 2021.**